

14 de febreiro

DÍA DOS NAMORADOS

**amor, afecto, amizade, admiración, ...
hoxe é o día**



O Equipo de Normalización Lingüística e o Departamento de Lingua Galega e Literatura organizan “Hai unha carta para tí” para celebrar o Día de San Valentín.

Normas:

1. Poderá participar todo o alumnado e demais persoal do centro. A actividade consiste en escribir e enviar cartas a calquera persoa que forme parte da nosa comunidade educativa. O seu contido terá que ver co amor, amizade, afecto, admiración... ou calquera outro asunto sempre que sexa respectuoso co destinatario.
2. As cartas deberán estar redactadas en galego e axustarse ó formato dunha carta convencional.
3. Introduciranse nun sobre pechado no que figurarán o nome e apelidos do destinatario e o curso ó que pertence (indicando tamén a letra do mesmo: A, B, C...). Se se trata dun profesor indicarase o departamento ó que pertence ou a materia que imparte. Se se trata de persoal non docente indicarase a actividade que desempeña no centro (conserxe, limpadora, administrativa, cociñeiro...)
4. O contido das cartas debe corresponderse co asunto da convocatoria e redactarase con respecto e bos modais. Non se permiten bromas improcedentes.
5. Para garantir o cumprimento do punto anterior, os alumnos que queiran participar deberán solicitarlle ós profesores de galego unhas **etiquetas** numeradas que se pegarán no exterior do sobre. O profesor tomará nota do alumno ó que se lle entrega cada etiqueta. Deste xeito poderán ser identificados os autores das cartas que sexan ofensivas.
6. As cartas depositaranse na caixa de correo que, a tal efecto, se situará ó lado do local de Conserxería.
7. O prazo máximo para introducir as cartas será o día 7 de febreiro, ás 14 horas.
8. O 14 de febreiro un grupo de alumnos e alumnas, previamente seleccionados, serán os encargados de exercer de carteiros e entregar as cartas polas clases.
9. **Non se entregarán as cartas que non cumpran as normas establecidas nesta convocatoria.**